

anualidade correspondente, con suxeición á existencia de crédito e habilitación legal para iso.

2. O instituto transferirá os fondos á Consellería de Economía e Facenda do modo seguinte:

2.1. O 25% do importe do proxecto de remate do parque empresarial de Penapurreira (2ª fase) no ano 2005, cando se produza a adxudicación da obra obxecto do investimento.

2.2. O 50% do importe do citado proxecto no ano 2006, cando a execución deste se efectuase en igual porcentaxe, recibíndose os documentos xustificativos que o acrediten ou, se é o caso, mediante certificación do órgano competente do emprego dado aos fondos.

2.3. O 25% restante no ano 2007, cando se executase a totalidade do citado proxecto, recibíndose os documentos xustificativos que o acrediten ou, se é o caso, mediante certificación do órgano competente do emprego dado aos fondos.

Xunto co anterior, será preciso presentar a memoria de execución e os informes aos que fai referencia a cláusula quinta do protocolo de colaboración.

Se a comunidade autónoma acredita a necesidade de realizar actuacións avaliábeis economicamente con carácter previo á adxudicación da obra, poderase anticipar o seu custo ata un máximo do 10% do financiamento deste proxecto antes da citada adxudicación. Neste caso, aboarase a porcentaxe restante ata o 25% á adxudicación da obra.

3. As modificacións que superen a achega económica fixada no punto 2º deste convenio de colaboración específico para financiar as actuacións previstas en execución deste formalizaranse, se é o caso, mediante addenda, cumprindo os trámites legalmente exixidos e logo de informe da Comisión de Seguimento e Avaliación.

Cuarto.

De acordo co previsto na cláusula sexta do protocolo de colaboración entre o Ministerio de Industria e Enerxía e o Goberno da comunidade autónoma para a promoción do desenvolvemento económico alternativo das zonas mineiras do carbón, nos carteis informativos de identificación do proxecto de remate do parque empresarial de Penapurreira (2ª fase) que se instalarán nas obras das distintas actuacións que este comprende, deberá figurar, como cabeceira, en superior ou igual tamaño aos da comunidade autónoma, o escudo de España, Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras e a lenda Plan da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, na forma que se establece no anexo a este convenio, e igualmente se deberá incluír a mención a proxecto financiado polo Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras.

Así mesmo, en calquera outra publicidade que do proxecto ou das súas distintas actuacións realice,

tanto a Administración executante do convenio como o adxudicatario deste, deberá incluírse o escudo e lendas na mesma forma antes exposta.

A comunidade autónoma deberá comunicar á presidencia do instituto a data en que serán inauguradas as obras ou actuacións que comprende o proxecto de remate do parque empresarial de Penapurreira (2ª fase).

Quinto.

O presente convenio ten natureza administrativa, sendo o réxime xurídico aplicable a este o establecido no título I da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. En materia de interpretación, modificación e resolución en xeral das cuestións non recollidas no citado protocolo, aplicaranse as normas de dereito administrativo, cando así sexa necesario.

Sexto.

A execución das actuacións que se recollen no punto primeiro deberá ter lugar no prazo de tres anos desde a sinatura deste convenio. A xustificación das ditas actuacións deberá producirse dentro dos catro meses seguintes á finalización da execución. Non obstante, o devandito prazo poderá ser ampliado polas entidades asinantes, logo de petición da comisión mixta de seguimento e avaliación, cando algunha circunstancia sobrevida así o aconselle e formalizándose para tal efecto. En caso de que a devandita ampliación de prazo supuxese modificación da distribución do gasto en anualidades, será sometida aos preceptivos actos de fiscalización e aprobación.

E en proba de conformidade, asinan os integrantes no lugar e data indicados no encabezamento. Antonio Joaquín Fernández Segura, presidente do Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras. Fernando Xabier Blanco Álvarez, conselleiro de Innovación e Industria.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 30 de xaneiro de 2006 pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2005, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións aos proxectos colectivos de xestión integral para o aproveitamento dos recursos mariños en Galicia, e se procede á súa convocatoria.

Con data do 2 de xaneiro de 2006 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 30 de decembro de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións aos proxectos colectivos de

xestión integral para o aproveitamento dos recursos mariños en Galicia, e se procede á súa convocatoria, na que se establece un prazo dun mes para a presentación de solicitudes.

As dificultades manifestadas polos potenciais beneficiarios para formular debidamente os proxectos dentro do devandito prazo, derivadas da novidade da convocatoria deste réxime de axudas e da amplitude do seu obxecto, e a vontade de dar cabida ao maior número de iniciativas posibles, aconsellan ampliar o prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria.

Por todo o dito, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo único.-O prazo de presentación de solicitudes ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2005, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións aos proxectos colectivos de xestión integral para o aproveitamento dos recursos mariños en Galicia, e se procede á súa convocatoria, rematará o día 28 de febreiro de 2006.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2006.

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 20 de decembro de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Componentes de Vehículos de Galicia, S.A.

Visto o texto do convenio colectivo da empresa *Componentes de Vehículos de Galicia, S.A.*, con número de código 3602392, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 21-11-2005, subscrito en representación da parte económica por unha representación da empresa e da parte social polo comité de empresa, con data 7-11-2005. De conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de

Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 20 de decembro de 2005.

Pedro Borrajo Rivas
Delegado provincial de Pontevedra
Convenio colectivo da empresa
Componentes de Vehículos de Galicia, S.A.

O Porriño, 7 de novembro de 2005.

Reunidos:

Dunha parte, Horacio Reyes Crespo, Omar R. Rodríguez Vidal, Alberto Lomba Baz, Alfonso Pérez Lomba e Rosana Vila Campo, como representantes legais da empresa *Componentes de Vehículos de Galicia, S.A.*; e doutra parte, o comité de empresa, representado legalmente por Antonio Arcos Fernández, Guillermo Moreira Barros, Luciano González Martínez, Román González Granja, José Carlos Alcántara López, Marcos Martínez Sánchez, Raúl González Martínez e José Manuel Vila Alonso (CIG), Marcelino Posada Quintela (UGT).

Ambas as partes recoñécense, no concepto no que interveñen, coa capacidade legal necesaria para negociar este convenio e para o efecto establecen o seguinte:

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Ámbito territorial.

O ámbito territorial deste convenio colectivo é o centro de traballo da empresa *Componentes de Vehículos de Galicia, S.A.*, situado actualmente no polígono das Gándaras, no municipio do Porriño.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

Este convenio afecta o persoal pertencente ao cadro de persoal da empresa, salvo os que desempeñan cargos de conselleiros e os contratos de alta dirección ou de alta xestión da empresa.

Artigo 3º.-Vixencia.

A vixencia deste convenio será a partir do 1 de xaneiro de 2005 ao 31 de decembro de 2006. Extinto o período de vixencia, a súa denuncia considérase automática.

Mentres non se pacte un novo convenio colectivo, manteranse en vigor as cláusulas normativas deste.

Unha vez asinado este convenio, a empresa comprométese á publicación e distribución deste a todo o persoal.